

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 2 de outubro de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 02/10/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 02/10/2019
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Actividades *Semana Cultural Santa Bárbara 2019*:
 - a. Planificación Actividades Santa Bárbara 2019
 - b. Solicitude de organización de actividades
- V. Informe de Revisión pola Dirección 2017/2018

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2019/2020.

A Directora indica que, en base aos datos proporcionados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, se producen os seguintes cambios na composición da Xunta de Escola para o curso 2019/2020:

- Altas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - José Cidrás Pidre
 - Enrique Granada Álvarez
 - Ana Belén Moldes Menduiña
 - Jorge Carlos Morán González.
- Baixas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - José Manuel García Vázquez
 - Patricia Liñares Méndez
 - Ignacio Rey Pérez
 - Manuel Vázquez Vázquez.
- Baixas no colectivo do estudiantado:
 - Alejandro Fernández Martínez

- Miguel Muiño Argüelles
- Martín Rodríguez Neira.

A Directora aproveita para dar a benvida ás novas incorporacións e agradecer a súa participación na Xunta de Escola as persoas que causan baixa. Ademais, engade que, como comentará no seu informe, nos próximos días comezará o proceso electoral para cubrir as vacantes de representantes dos sectores PDI-B, PAS e estudantado na Xunta de Escola, e o calendario se publicará na web do centro.

2. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2019.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Directora comenta que, a partires desta Xunta de Escola, vai tentarse facer o envío do borrador da acta de cada sesión nun prazo duns 15 días dende a súa celebración.

3. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

4. **Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.**

A Directora explica que hai que nomear un tribunal para cada grao e solicita persoas voluntarias que desexen formar parte deles. Ao non haber ningunha, a Directora expón a súa proposta:

- Tribunal para o Grao en ERME:
 - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
 - Vocal: María Araújo Fernández (Coordinadora do Grao en ERME)
 - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE)
- Tribunal para o Grao en EE:
 - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
 - Vocal: David Patiño Vilas (Coordinador do Grao en EE)
 - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE)

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento dos dous tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao.

5. Aprobación, se procede, das actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Semana Cultural Santa Bárbara 2019”.

A Directora expón a planificación de actividades (Anexo IV) presentada pola Delegación de Alumnado para a celebración de Santa Bárbara 2019 (charlas culturais, churrascada, carreira popular e *Torneo Minerxético*) e sinala que a Delegación de Alumnado propón presentar unha solicitude á convocatoria de axudas para organizar actividades extraacadémicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2019. A directora explica os detalles da solicitude e aclara que esta ten que recibir o informe favorable da Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de actividades extraacadémicas e de difusión cultural “Semana Cultural Santa Bárbara 2019” e a solicitude dunha axuda á convocatoria da Universidade de Vigo.

A directora agradece a colaboración da Delegación de Alumnado na preparación da documentación e na organización de actividades para a celebración da patroa do centro.

6. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección.

A Directora aclara que o IRPD (Anexo V) foi aprobado pola CGIC o 31 de xullo, pero quedou pendente a súa aprobación en Xunta de Escola. Explica a estrutura do documento e resalta as cuestións máis relevantes centrándose, sobre todo, nas conclusións de cada sección. Comenta que se detectaron diversos erros nos datos do portal de transparencia (indicados no documento como notas ao pé); gran parte deles teñen a súa orixe no feito de que, no portal de transparencia, o profesorado que imparte as materias comúns aos dous graos é considerado, exclusivamente, profesorado do GEE.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe de Revisión pola Dirección.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Mínas e Enerxía.

A Directora cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, que comenta que se está a traballar nos seguintes rexistros que se someterán a aprobación na próxima sesión da Xunta de Escola:

- **Procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:**
 - **Rexistro R3-DO0201P1 Informes de Coordinación** das titulacións da Escola.
- **Procedemento DO0203 Orientación ao estudantado:**
 - **Rexistro R1-DO0203P1 Plan de Acción Titorial**
 - **Rexistro R2-DO0203P1 Informe final de avaliación do PAT.**

Engade que a meirande parte das persoas coordinadoras xa remitiron a información relativa as accións de coordinación e do PAT/MEET levadas a cabo e que se están a elaborar os informes.

8. Rogos e preguntas.

Santiago Domínguez traslada á dirección do centro a preocupación manifestada pola organización do Foro Tecnolóxico de Emprego sobre a dificultade para a instalación dos *stands* no hall da emE coa cantidade de expositores que hai na actualidade. A Directora di que recolle o rogo, que a dirección pensará unha solución e lle dará resposta.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dous de outubro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 02/10/2019

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 02/10/2019

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Planificación Actividades Semana Cultural

Santa Bárbara 2019

- a. Planificación Actividades Santa Bárbara 2019
- b. Impreso de solicitude de organización de actividades

ANEXO V

R1 DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección 2017/2018